



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 de xuño de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

### **SECRETARIA- INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 4 de xuño de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día. Debido á ausencia imprevista da Secretaria actúa como Secretaria e Interventora Dona Trinidad Gómez Reiriz.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28/05/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2018/2348**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Rogelio García Rubianes, en representación de **ANPA EEI Vagalume**, comunicando a celebración na zona arborada da Praia da Concha dunha xuntanza o día 17 de xuño de 2018 e solicitando a colaboración municipal acoutando o espazo, así como a cesión de mesas e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda dar traslado ao Servizo Provincial de Costas, por ser o organismo titular dos terreos onde se pretende desenvolver a actividade indicada.

##### **PRP2018/2349**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Eva Lede Reboredo**, solicitando autorización para realizar unha actuación deportiva o día 10 de xuño de 2018, en horario de 11:00 a 14:00 horas na Praza de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/2350**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 30 de xuño de 2018, en horario de 10:00 a 15:00 horas, para un acto de captación de socios e información xeral da Asociación, así como a colaboración municipal coa cesión de unha carpa, 4 mesas, 4 cadeiras e conexión eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Servizo de Electricidade e Policía Local.

#### **PRP2018/2351**

Dáse conta do escrito presentado por D. Joao Paulo Alves, en representación de **Nucleo Gicap Artes Marciales Mixtas** solicitando autorización para exhibición de capoeira o día 17 de xuño de 2018, en horario de 18:00 a 22:00 horas na Praza da 2<sup>a</sup> República, así como a cesión de un tatami, unha mesa e un altavoz.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/2352**



Dáse conta do escrito presentado por **Dona María del Carmen Suárez Touriño (DIAVERUM VILAGARCIA)**, solicitando autorización para colocar unha mesa informativa na Praza de Galicia o día 6 de xuño, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/2353**

Visto o escrito de D. Manuel García Outeda e/n **Autoescuela Umia**, para facer prácticas de manobra e destreza na zona de aparcamento de vehículos situada no Polígono Industrial do Pousadoiro, a Xunta de Goberno Local autoriza a realización das prácticas co seguinte horario:

- Horas en inverno de 08:00 a 12:00/ de 14:00 a 16:00 e de 20:00 a 21:00 horas.

- Horas en verán de 08:00 a 12:00/ de 14:00 a 16:00 e de 22:00 a 24:00 horas.

Comunícaselle que se concede autorización a Vial Santa Eulalia para a mesma actividade e nos mesmas condicións.

#### **PRP2018/2355**

Vista a proposta do Servizo do Arquivo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digmar Papelería SLU** para o subministro de caixas arquivo definitivo e carpetas destinadas á conservación dos fondos documentais, por un importe total de 990,13 e (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2356**

Vistas solicitudes de D. MARTIN VAZQUEZ BLANCO, titular dos establecementos “DIURNO” e “BIANCO”, situados na RUA VALENTIN VIQUEIRA, 4-ESQ.RUA MENDEZ NUÑEZ, 2-BAIXO e RUA XOAN GARCIA, 16 – AVDA. DA MARIÑA, respectivamente, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
--------------	----------------	---------	--------------------	--------------------	--



01/18-AMP.	DIURNO	MARTIN VAZQUEZ BLANCO	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
02/18-AMP.	BIANCO	MARTIN VAZQUEZ BLANCO	2.6.9 CAFÉ-CONCERTO	Pasa de 05:00 hs. a 06:00 hs.	Pasa de 05:30 hs. a 06:30 hs.

### **PRP2018/2430**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Paz Romagnoli Gil, en representación de **O Soño de Lilith** en relación coa celebración da actividade denominada “Festivala Mulleres Creando” que van a celebrar na Praza da Peixería e Praza de Abastos o día 9 de xuño, que foi autorizada pola Xunta de Goberno local de data 23 de abril de 2018, e solicitando a colaboración municipal coa cesión de:

- 2 caixas autoamplificadas, 2 monitores de escenario, 6 pes de micro, 6 micros dinámicos, cableado necesafio
- 20 mesas, 60 cadeiras, 1 escenario grande e 1 escenario pequeno (palco e tarima).
- Reserva de 3 prazas de estacionamento na Peixería, os días 8 e 9 de xuño.

Visto o informe da Policía local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Conceder a colaboración coa cesión de material solicitada.
- Non conceder a reserva de prazas de estacionamento solicitadas, dado que o día 9 de xuño coincide co mercado semanal.

## **ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS**

### **PRP2018/2450**

Vista a proposta da Inspectora Principal Xefa da Policía Local, en relación coa contratación de dez auxiliares de Policía Local, por seis meses, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á contratación por seis meses a partir do día en que se rematen as probas na Academia Galega de Seguridade e se atopen en condicións de incorporarse.

Dar conta á Dirección Xeral de Emerxencia e Interior aos efectos oportunos.

### **PRP2018/2509**

Vista a proposta da Directora da EDUSI VILAGARCÍA AVANZA, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se proceda ao nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a da bolsa de auxiliares administrativos existente, para a execución do programa de carácter temporal EDUSI VILAGARCIA AVANZA (2017-2020), con cargo a recursos propios do Concello, con dedicación do 50% á Unidade de Xestión e do 50% á Unidade de seguimento e coordinación, coas funcións indicadas na propia proposta.

2º.- No caso de renuncia ou baixa, deberá procederse ao nomeamento dun/ha suplente.

3º.- Que se proceda á asignación de funcións de apoio á EDUSI VILAGARCÍA AVANZA a unha auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Intervención.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**



#### **PRP2018/2377**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para o servizo de autobús, os días 11 e 13 de xuño para traslado dos/as nenos/as da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados, por un importe total de 683,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2384**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 37.003,73 € con cargo á partida 323.48007.

### **Emprego**

#### **PRP2018/2385**

Dáse conta de Resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde de 12 de decembro de 2018, pola que se acorda conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe global de 32.716,64 € e para a contratación de 11 traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante 2 meses a tempo completo, para a realización do servizo denominado Salvamento e Socorrismo 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/2386**

Dáse conta da Orde do 4 de maio de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para 2018, das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concibidos como programa de formación, práctica profesional e, no seu caso, contratación laboral en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:  
1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME18 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbáns en instalacións en edificios de titularidade municipal.
- Promoción turística local para a posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais do municipio en xeral e facendo fincapé na ruta marítimo fluvial do Camiño de Santiago e da Ruta de Peregrinaxe do Padre Sarmiento.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Traballos de carpintería e moble

Certificado de profesionalidade MAMD 0209

- Promoción turística local e información ao visitante.



Certificado de profesionalidade HOTI0108.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de TRESCENTOS DEZAOITO MIL OITOCENTOS SETE EUROS (318.807,00 € )

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE MIL UN EUROS (20.001 €) para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 2412.131; 2412.16000 e 2412.22199.

#### **PRP2018/2387**

Dáse conta da Orde do 4 de maio de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego LABORA@XOVE18 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo en espazos naturais e nas instalacións acuáticas de titularidade municipal.

- Atención e información ao cidadán, consumidor e usuario nas diversas oficinas de información, consumo e atención que dispón o Concello.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Socorrismo en espazos acuáticos (AFDP0209/AFDP0109).

- Atención ao cliente, consumidor ou usuario (COMT011)

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (154.262,40)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000€) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 2412,131; 2412.16000 e 2412.22199.

#### **PRP2018/2388**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. Francisco José Díaz Sanjuan, en representación de **Edición y Programación SL**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/2389**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. Felix Díaz Orjales, en representación de **Información Directa SL**



Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/2390**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. L. Enrique Villaverde Prego, en representación de **Manufacturas y Distribuciones Salnés SL**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a axuda solicitada dado que a entidade solicitante non cumpre os requisitos establecidos na base sexta, parágrafo 3º da convocatoria, a cal establece:

*Serán subvencionables os contratos laborais seguintes:*

*Contratos de obra ou servizo e outras modalidades contractuais de carácter temporal ou duración determinada, sendo a duración mínima inicial dos contratos de 6 meses (sen que se admita prórroga do contrato inicial...)*

Segundo se desprende da documentación obrante no expediente, o traballador contratado prestou servizos para a mesma empresa en diversos períodos durante o ano 2017/2018 mediante sucesión de contratos temporais.

#### **PRP2018/2396**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 17 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I, SL** para o subministro de 4 estores enrolables para a aula que se está remodelando na especialidade de “Traballos de Carpintería e Moble”, por un importe total de 160,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22159.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2398**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 17 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ofimática Arosa SL** para o subministro de 16 cadeiras para a aula que se está remodelando na especialidade de “Traballos de Carpintería e Moble”, por un importe total de 763,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22159.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2018/2399**

Visto o informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos , por importe de 250,00 €, a favor da habilitada



Dona Luz María Abalo Pérez para o aboamento en efectivo do 50% da beca Intership a Dona Ruth Andrea Rodríguez Rivera, con motivo do desenvolvemento do proxecto do Festival Internacional de Música Clasclás, con cargo á partida 3261.48003.

#### **PRP2018/2400**

Vista a proposta da Directora de Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Discotrade Spain SL** para o subministro de 10 banner de 1,20 x 2,00 m. para o Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 296,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2401**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Galbán Zaragoza** para o subministro de vinte atrás megros pregables para o Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 544,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2402**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Hives Pianos SL** polo alugueiro de dous pianos para o Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 4.840,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.205.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2403**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura dos convenios de colaboración subscritos con diferentes empresas, organismos e particulares para o Festival internacional de Música Clasclás:

- D. Carlos Galbán Zaragoza, cunha aportación de 350,00 €.
- Cespa (Grupo Ferrovial), cunha aportación de 500,00 €
- AHITUVI, cunha aportación de 500,00 €
- Empresa Pereira (Grupo Abalo), cunha aportación de 500,00 €
- Talleres Santiago Iglesias SL, cunha aportación de 500,00 €
- Automoción La Junquera SL, cunha aportación de 500,00 €
- Plagal SL, cunha aportación de 500,00 €
- Mutua General de Seguros e Reaseguros SA, cunha aportación de 500,00 €
- Baygar SL, cunha aportación de 700,00 €
- Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 4.840,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.





#### **PRP2018/2404**

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vilagarcía para o Festival Internacional de Música Clasclás.

A Asociación Cultural colaborará cunha aportación de 250 € en concepto de patrocinio do Festival de Música ClasClás.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/2428**

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa para o curso 2018-2019, cun orzamento total de 13.500,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (7.500,00 €) e 320.48003 (6.000,00 €), con posibilidade de ampliar 1.500,00 € con cargo ao sobrante do Plan Madruga.

### **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **Xuventude**

##### **PRP2018/2409**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da acción formativa “Obradoiro de Ecopercusión” e a adxudicación do seu desenvolvemento a **D. Didier Díaz Madan**, por un importe total de 600,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/2410**

Vista a proposta das Concellerías de Xuventude e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o listado provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as nos Campamentos Urbanos de Verán 2018 a levar a cabo no CEIP A Escardía, nas dúas modalidades (Servizo básico campamento urbano e complementario de comedor).

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Turismo**

##### **PRP2018/2391**

Vista a proposta do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baños Print SL** para a edición de 1.000 dípticos sobre as rutas de marisqueo da Agrupación Amarcarril, por un importe total de 364,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/2392**



Dáse conta de resolución da **Axencia de Turismo de Galicia**, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe de 4.556,73 €, para a contratación dunha persoa dende o 15 de xuño ao 15 de setembro para a Oficina de Turismo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda levar a cabo os trámites que procedan para nomear un/ha informador/a turístico, para prestar servizo na Oficina de Turismo e no MUFEVI.

#### **PRP2018/2393**

Dáse conta de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Rompetimóns de Carril para a realización de rutas turísticas con embarcación tradicional, polo que a citada Asociación se compromete a realizar gratuitamente 20 travesías marítimas de dúas horas de duración no galeón Illa de Cortegada polo contorno do Arquipélago de Cortegada durante o período estival e o Concello aboará a cantidade de 5.000,00 € pola realización das citadas travesías, con cargo á partida 432.22612.

O citado convenio terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a sinatura do mesmo.

#### **Medio Ambiente**

##### **PRP2018/2394**

Dáse conta de información remitida pola Consellería do Medio Rural en relación implantación de iniciativas empresariais en Galicia, indicando que, a través da sede electrónica da Xunta, poden presentarse telematicamente tanto as solicitudes de autorización forestal única, como as declaracións responsables de cumprimento de requisitos para poder efectuar inmediatamente as cortas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

##### **Sanidade**

##### **PRP2018/2405**

Dáse conta de informe da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias indicando que coa data de 31 de agosto de 2018 finaliza o contrato asinado coa Empresa de Seguridade EULEN para o servizo de seguridade nas instalacións do SPAD.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado ao Departamento de Contratación aos efectos oportunos.

#### **ASUNTOS DE CULTURA**

##### **PRP2018/2419**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os seguintes contratos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Curso de manualidades e pintura	900,00 €	Dona María Jesús López Figueira
Subministro dun Ordenador para reposición	899,20 €	Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2018/2420**

Dáse conta da solicitude de **D. Germán Torres de Aboal**, en nome e representación das persoas que constitúen o grupo poético Mesas das Verbas con motivo da celebración da LXXXIV Mesa das Verbas, que se vai a levar a cabo o día 4 de agosto de 2018, ás 18:00 horas na Praza de Galicia e solicitan que en caso de choiva se lles autorice o uso da Praza da Peixería.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza de Galicia ou da Praza da Peixería, o día 4 de agosto, a partir das 18:00 horas (en caso de choiva), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, para o citado día:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2018/2421**

Vista a solicitude de D. Manuel Angel Tarrío Fernández, en representación da **Confraría de Pescadores de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Vilaxoán:

- Actuación da Coral da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, o día 22 de xullo de 2018, por un importe de 585,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, o día 23 de xullo de 2018, por un importe de 225,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2018/2422**

